

Sabor a fuga e a insondable

SERXIO IGLESIAS RODRÍGUEZ



DO LUSCO-FUSCO

José Alberto
Corral Iglesias
BAÍA, 2001

Non é a primeira vez que José Alberto Corral nos sorprende cunha entrega literaria de calidade. Antes foran os seus versos (lembro aínda con frescura *Palavra e Memoria* e *Acarom da brêtema*) e agora a aposta do autor é o relato breve. *Do lusco-fusco* (Ed. Baía) é un breve ilusionario composto de vintetrés relatos, na mellor tradición contística galega. Veño de lelos coma un vapor morno e narcotizante, co sabor da fuga e do insondable. É alégrome por ver que Corral continúa, que resiste, que segue no empeño de facernos pensar e soñar a un tempo.

Os relatos que compoñen *Do lusco-fusco* son portas entreabertas polas que se pode axexar o mellor e o peor da casa humana. Son contos de argumento sinxelo, historias da gloria e da miseria dos homes pequenos, flashes na vida dos infelices; eses que teñen nome e apelidos en minúscula. Sen embargo, ese aire miserento e profundamente inxusto que envolve os personaxes ten o contrapunto da tenrura, o sabor do mel nos beizos. É precisamente aí onde se me aparece Cunqueiro. A súa sombra plana por riba das cousas como o bo café, *quente coma o inferno e doce coma os anxos*.

As historias de Corral van cheas de claroscuros, algunha das mesmas preñadas dun realismo máxico que fai lembrar ao autor mozambicano Mia Couto. O emigrante e a emigración, este xenocidio selagre e soturno onde nos teñen mergullado aos galegos, é tamén cerne dalgúns dos relatos deste libro; escritos baixo a normativa de AGAL. Despois do luscofusco chega inexorable a noite. E así, coa sorte dos desposuídos xa botada de antemán, os personaxes encaran o camiño da morte e a rebeldía.

José Alberto Corral medrou nun Macondo real e máxico: Monte-Outo. Son moitos os relatos situados no barrio coruñés. É o Monte-Alto proletario e antifranquista, a fragua dos movementos comunistas coruñeses que tan intensamente frecuentou o autor. Neste espacio neboento e gris, co cheirume do caldo podre, habitan e malviven moitos dos personaxes corralianos.

Non sei se Corral é un autor marxinal. Supoño que en boa medida si. Na medida da publicidade e dos fogos de artificio. Non na calidade literaria. Nin na valentía de afrontar o xénero con pausa e concerto. Agardemos que a aventura continúe.